



Nº 32 - 2019

CIG

www.cig.gal

Boletín
Sindical

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Galiza con voz propia en Madrid para recuperarmos os dereitos!!!

O día 10 de novembro celébranse novamente eleccións ao Congreso dos Deputados e Deputadas. Como clase traballadora galega temos a necesidade de mudar a crítica situación económica, industrial, laboral e social que padece o noso País. Por iso, nesa data, temos a oportunidade de recuperarmos a voz de Galiza apostando por forzas políticas propias, nacionalistas e de esquerdas, que defendan os nosos intereses sen hipotecas, sen obediencias a Madrid. Forzas políticas que defendan con contundencia o noso dereito a vivir e traballar na nosa Terra.

Asistimos ao desmantelamento da nosa industria, ao peche e deslocalización de empresas, á emigración e ao empobrecemento xeneralizado da clase traballadora, ante a inacción dos gobernos de Feijóo e de Sánchez.

A situación de Alcoa, Ferroatlántica, Barreras, Vulcano, Endesa, as auxiliares de Navantia, Meirama, Poligal ou R Cable exemplifican, xunto con outras, a crítica situación. Galiza camiña cara a se converter nun deserto industrial. Ante isto, o PP de Feijóo limita a súa acción de goberno a lanzar un discurso electoralista, propagandístico e fraudulento no que aparenta ser reivindicativo contra o goberno de Madrid cando a realidade é que, cos seus feitos, demostra que non ten vontade de facer nada para frear a grave situación de emerxencia nacional e social que atravesamos.

Unha falta de vontade que no caso do goberno do PSOE de Sánchez é manifesta. Tivo a oportunidade de mudar as políticas do PP, de derrogar



as reformas laborais de 2010 e 2102, a Lei Mordaza, a reforma das pensións ou a reforma da negociación colectiva. Porén, no canto diso, demostrou que non ten intención de mudar as políticas do PP e que prefire manter o modelo económico e de relacións laborais imposto so pretexto da crise. Un modelo lesivo para a clase traballadora galega, mais tamén para a nosa industria e para o conxunto dos nosos sectores produtivos.

Temos, ante isto, que tomar a iniciativa como clase traballadora e apostar por quen atenda as nosas demandas sen máis ataduras que o mandato do pobo galego. Demandas que pasan pola derogación desas reformas, mais tamén por unha viraxe radical das políticas neoliberais executadas polos distintos gobernos. Políticas que provocaron máis precariedade, máis temporalidade, máis

desemprego, rebaixas salariais e o empobrecemento xeneralizado da clase traballadora galega.


A posibilidade de recuperar os nosos dereitos laborais e sociais depende de que acreditemos, en verdade, nas nosas propias capacidades colectivas para nos organizar e mobilizar, como clase traballadora e como pobo galego, apostando nesta eleccións do 10-N por forzas políticas propias, galegas, que defendan firmemente os nosos intereses sen submisións nin obediencia a Madrid.

A CIG, primeira forza sindical en Galiza, é o exemplo de que a autoorganización, construíndo un sindicato galego, nacionalista e de clase -xunto coa loita e a mobilización-, é a vía para avanzar na defensa e conquista de dereitos, para alcanzar políticas alternativas para termos emprego, salarios e pensións dignas na nosa Terra.

“A precarización do traballo nos coidados é violencia machista”

O V Encontro Nacional de Delegadas da CIG, no que participaron preto de 250 compañeiras, acordou articular arredor do 25 de Novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, unha campaña para denunciar que “A precarización do traballo nos coidados é violencia machista”.

A secretaria das Mulleres da CIG, Margarida Corral, denuncia a explotación que está detrás de todas as actividades relacionadas cos coidados, a súa subestimación e a cada vez maior precarización. Traballos nos que as mulleres non só padecen a temporalidade e salarios miserentos, por debaixo do SMI, senón que mesmo “se ven obrigadas a realizar tarefas para as cales non están contratadas”. Isto sen EPI’s, con problemas de conciliación, acoso sexual nos domicilios, acoso laboral e por razón de sexo ou concrecións horarias da xornada con variacións diaria.



Toda unha serie de irregularidades que se cometen “coa complicidade da Xunta, dos concellos e das propias empresas concesionarias dos servizos” e que por iso, non se vai cinxir só a denunciar as condicións nos Servizos

de Axuda no Fogar, senón tamén nas residencias de terceira idade, centros de día, escolas infantís ou comedores escolares.

Concentracións nos concellos

Ademais, o propio 25 de Novembro, convocaranse concentracións en todas as comarcas e unións locais que así o decidan, diante dos concellos, “para denunciar a hipocrísia dos gobernos que ese día amosan o seu compromiso contra a violencia machista, cando están escravizando as mulleres que dedican a súa vida ao traballo mal pago e precario dos coidados”.

Xunto a isto, no encontro acordouse tamén participar nas mobilizacións convocadas pola Marcha Mundial das Mulleres e outros colectivos feministas do país con motivo do Día Internacional contra a Violencia Machista.

Polo rescate de Povisa para a sanidade pública

A federación de Saúde da CIG e o comité de empresa de Povisa están a opoñerse frontalmente -con mobilizacións e xestións institucionais- á operación de venda do hospital vigués a un fondo voitre estadounidense por 24 millóns de euros, unha cantidade irrisoria tendo en conta que o Sergas destina anualmente 90 millóns polo convenio asinado coa Xunta para dar prestación a máis de 137.000 persoas da área sanitaria.

En base a isto, demandan a adquisición pública do centro, como se fixo co hospital de Alzira, na Comunitat Valenciana, tras denunciarse numerosas irregularidades nas que estaba implicada Ribera Salud, filial da estadounidense Centene Corporation.

A empresa que vai mercar Povisa foi denunciada, entre outras cuestións, por non presentar as súas contas anuais dende 2008, adbedarlle



cartos á Generalitat Valenciana, acumular milleiros e milleiros de euros en facturas sen pagar e por sobrecustos na facturación de Urgencias de até 2,6 millóns de euros.

“Mesmo se investigou se cobraba comisións por próteses pagadas con cartos públicos, ademais de estar implicada no caso das ‘mordidas’ tras

constatarse que triplicara os seus beneficios, e até foi auditada por Facenda. Toda unha serie de irregularidades que levaron finalmente a que se recuperara para o sector público na Comunitat Valenciana, mais á que agora se lle abre a porta ao negocio da saúde en Galiza”, denuncia a secretaria nacional de CIG-Saúde, María Xosé Abuín.



Esiximos xustiza para Pintos!

Centos de persoas saíron ás rúas de Ferrol o pasado 29 de outubro en contra da represión sindical e para esixir xustiza para o compañeiro Xesús Anxo López Pintos, que se enfrenta a un xuízo pola súa participación, no ano 2012, nunha mobilización dos traballadores e das traballadoras do naval e de Poligal.

A protesta, que recibiu o apoio de organizacións sociais e culturais, de partidos políticos, de alcaldes e alcaldesas da comarca e de máis de 40 comités de empresa, fai parte da campaña iniciada pola CIG en contra da represión sindical e na que tamén se teñen involucrado CCOO, UGT e CGT "porque a unidade na loita contra a criminalización da mobilización social e na defensa dos dereitos e liberdades fundamentais debe ser total".

Nesta loita, e cando xa se anuncia unha nova recesión, resulta fundamental esixir a derogación inmediata



da Lei Mordaza e do artigo 315.3 do Código Penal; instrumentos utilizados polo poder político e económico para afondar na persecución da contes-tación social ás medidas de recortes impostas baixo a escusa da crise.

O xuízo contra Pintos (que foi golpeado nunha carga policial, agredido e vexado mentres estaba detido en comisaría) supón un ataque descarado contra o sindicalismo e a mobilización como ferramenta fundamental da clase obreira. Resulta intolerábel que mentres

se persegue a quen reivindica unhas condicións de traballo e de vida dignas, nin os culpábeis da privatización dos servizos públicos nin os responsábeis empresariais e políticos que permitiron o desfalco e o terrorismo patronal teñan que dar conta diante da xustiza.

Dentro desta campaña, os días 12, 13 e 14 de novembro, datas nas que se celebrará o xuízo, están convocadas concentracións diante da Audiencia Provincial na Coruña, entre as 09:30 e as 11:00 horas.

Campaña de denuncia e sensibilización da silicose

A federación da Construción e Madeira da CIG iniciou unha campaña de denuncia, sensibilización e reivindicación sobre a silicose, enfermidade profesional que padecen centos de traballadores/as do sector da pedra. Trátase dunha patoloxía crónica que afecta ao aparato respiratorio e que provoca importantes secuelas físicas, mesmo a morte, xa que está detrás de doenzas coma o cancro de pulmón.

Mais as mutuas seguen sen recoñecer que deriva da actividade profesional, xa que está causada pola inhalación de po sílice, polo que os afectados/as teñen que iniciar longos procesos de reclamacións, incluso xudiciais, para que se recoñezan os seus dereitos. A CIG leva anos asesorando a moitos/as e demandando que no caso de ter 1º grao da enfermidade (o menos grave) se recoñeza a incapacidade laboral con prestación.

A central logrou que a INSS modificase o criterio en 2015, xa que até o

de entón negaba este recoñecemento. Con todo, o cambio afecta só os traballadores/as que na súa empresa non teñan un posto libre de po, polo que moita xente vese obrigada a seguir no sector. Por iso a CIG continúa a reivindicar a incapacidade con prestación sen excepcións, como sucede no caso do 2º grao. Co 3º grao recoñécese a incapacidade absoluta, polo que a persoa afectada deixa de traballar.



A campaña compaxinará a mobilización, para denunciar o papel das mutuas, coa sensibilización sobre a doenza e a reivindicación dunha maior acción protectora da Seguridade Social. A primeira protesta será o 5 de decembro en Vigo, cunha concentración nunha mutua, para despois

marchar a pé até o INSS. Porque o organismo público está a soportar o custe dunha enfermidade laboral da que deberan encargarse as mutuas, o que constitúe unha fraude.

Mais tamén se quere reclamar axilidade no recoñecemento da doenza e dos graos, a dotación dun centro de referencia en Galiza e unha mellora na aplicación dos coeficientes reductores da idade de xubilación. Para isto faranse iniciativas institucionais coas que tamén se demandará maior seguridade e saúde laboral no sector, así como o recoñecemento das enfermidades derivadas da silicose.

Finalmente, contactarase co Cluster da Pedra, coa Asociación de Empresarios/as da Lousa e coa de Áridos para conformar unha fronte común de loita contra unha problemática que só na provincia de Pontevedra afecta a máis de 700 persoas (que están diagnosticadas, aínda que podería haber moitas máis).

O PP rexeita no Parlamento recuperar os saltos hidráulicos

Impide poñer a enerxía ao servizo do pobo galego

Os votos en contra do PP no Parlamento de Galiza impediron que saíse adiante a ILP impulsada pola

CIG para recuperar para a xestión pública os saltos e aproveitamentos hidráulicos. Unha ILP que permitiría evitar o “descontrol” das eléctricas, ao tempo que posibilitaría que os custos da enerxía revertesen no desenvolvemento do noso país, tal e como explicou Fernando Branco, responsábel de Enerxía da CIG-Industria, que foi o encargado de defendela en representación da central sindical.



Branco denunciou que, malia sermos produtores, as galegas e galegos comezaremos a aboar nas próximas factura da luz os denominados suplementos territoriais, “tarifas diferentes segundo a comunidade autónoma na que se viva”. Un incremento que afecta especialmente a Galiza, xa que teremos que pagar 38 millóns de euros, cando Euscadi vai pagar 0€ ou Madrid 2,4 millóns de euros, o que desmonta o argumento do PP de que no Estado non pode haber tarifas diferenciadas.

O responsábel de Enerxía da CIG-Industria lembrou que hai concesións que veñen do século XIX cando a Lei de Augas establece un límite de 75 anos; que o coñecemento dos expedientes de concesión está “nunha situación caótica” e que Galiza conta con 3.738 mw de potencia instalada, o 18% da potencia do Estado, pero cunha produción media, no último decenio, do 23% do Estado, ou o que é o mesmo, “case a cuarta parte da produción hidroeléctrica é galega”.

Subliñou que en comunidades como a de Aragón xa se reverteron ao control público catro saltos da conca do Ebro e insistiu en que do que se trata é de “recuperar para o público o que é público” para que

Galiza conte con enerxía renovábel para aproveitala en favor do noso desenvolvemento industrial, nunha situación crítica como á que se enfronta a industria electrointensiva ou as térmicas.

Carril denuncia a desidia do PP ante a crise industrial que padece Galiza

O secretario xeral da CIG, Paulo Carril, acusou o PP de non tomar medidas, nin apoiar ningunha iniciativa para que a enerxía, “como servizo público que é, se poña ao servizo do noso desenvolvemento industrial, para favorecer a creación de emprego”. Máis ante a grave situación que hai “cando estamos a vivir o peche empresas ou están ante un futuro incerto moitos postos de traballo polos altos custos da electricidade”.

Considerou que “o PP se retrata perfectamente nesta votación e co seu voto faise evidente a responsabilidade

que ten ante o dramático proceso de desertización industrial en Galiza” e denunciou que “pretenden que sirvamos submisos e resignados a que o espolio á nosa enerxía sirva para crear riqueza e traballo noutros territorios, mentres en Galiza se destrúen postos de traballo, pechan empresas e non para a emigración”.

Por iso cualificou de “indignante” que, malia isto, no canto de “poñer a enerxía ao servizo do pobo e pór freo aos intereses das eléctricas” permita que cada día “amasen máis beneficios a conta da nosa ruína”.